

ACTA 3ª.

ACTA DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE: TÉCNICO EN INTERVENCIÓN FAMILIAR - EDUCADOR/A FAMILIAR.

Sendo as 8,15 horas do día 16.04.2026, reúnen os membros do tribunal cualificador seguidamente relacionados, designado por resolución da alcaldía do 16.03.2026, para os efectos da resolución de alegación presentada contra as puntuacións da fase de concurso, que por erro do Rexistro de entrada de documentos non foi incorporada ao expediente electrónico deste procedemento.

Asisten os seguintes membros:

Presidenta: María Victoria Varela Rodríguez.

Secretario: Javier Nieves González.

Vogais:

María Dolores Landeira Liñares.

Águeda Paz Seijas.

María Dolores Torrado Ares.

Co quórum esixido pola base 7 para a válida actuación do tribunal, procédese á resolución de alegación presentada contra as puntuacións da fase de concurso, que foi realizado con data 24.03.2026.

Visto o escrito de alegacións que consta no expediente, seguidamente relacionado, o tribunal por unanimidade tomou os seguintes acordos:

1. Escrito presentado por Tania Miguéns Franco, (r.e. 2896, do 01.04.2026), no que sinala que xunta certificado de funcións do Concello de Vilagarcía de Arousa para que se lle valore a experiencia profesional e que xa o xuntou anteriormente coa solicitude inicial.

Contestación: A base 9.1. da convocatoria sinala: A acreditación dos servizos prestados efectuarase do seguinte xeito: Os servizos en calquera Administración pública: mediante certificado expedido por quen ostente a función de fe pública no organismo de que se trate ou contrato de traballo, nos que conste a categoría na que se teñen prestado os servizos, acompañando necesariamente un certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

A non presentación dalgún destes documentos (vida laboral + certificado empresa e/ou contrato de traballo) suporá a non valoración do mérito alegado.

Consonte coa contestación á alegación sinalada, o tribunal por unanimidade acorda desestimala e publicar a acta desta sesión no taboleiro electrónico municipal e na páxina web para xeral coñecemento.

E non habendo máis asuntos que tratar remata a sesión cara ás 8,22 horas, de todo o que se levanta a presente acta que en proba de conformidade asinan os asistentes, de todo o que como secretario certifico.